



Crónica dun non secuestro

Descrición



Moita xente palestina quéixase de que son vistos como terroristas simplemente polo xentilicio palestino. O muro, un dos poucos medios de expresión, e non só de separación, reflicte esa angustia. (Foto: ©Moncho Iglesias Míguez).

I

Venres, comeza a fin de semana. As sirenas que avisan da chegada do shabbat están a piques de soar pero de momento só se escoita o repicar de imáns chamando á oración. Entre cantares e asubíos, paseo polas rúas de Belén, en bicicleta, camiño da muralla que nos separa de Xerusalén. As campás dos pantalóns e a liberdade de voar en bicicleta fanme sentir protagonista de *Verano Azul*, aínda que ningún dos meus me poida acompañar ata o mar, prohibido para eles. Por iso, sen máis remedio que atravesar só esa burka de formigón que apenas deixa pasar algo de luz para poder ser visto, decídome a ser Mary Poppins e traspasar as barreiras planando sobre elas. Pero a aterraxe non é doada; esperto espido, cun soldado intentando descubrir a miña face, despoxándome da burka que nos impuxeron.

Ante a atenta mirada de algo que un día pensei que era unha barra de chocolate, e ollos que me berran amosando os dentes, baixo da bicicleta, xa eu, protagonista da miña propia aventura. Entón sucédense preguntas, algunhas de tal intelixencia que non son capaz de lembrar. Creio que son do mesmo tipo desa que me fixeron un día, indo no coche dun amigo: *¿coñécelo de algo?*. Pero hoxe estou contento, non hai flores no longo verán do deserto, pero aínda creo na posibilidade de cheirar o seu arrecendo cando o tempo nolas dea. Daquela, sorríu cando me ordenan abrir a mochila, pero me confundo cando me din que non. *¡Saca todo! ¡Non! ¡Saca todo! ¡Non!*. Por fin descubro que non o estou a facer da forma axeitada. A cor da pel e a miña mirada delatan intencións que eles creen intuír. Así, obrigado a manterme a varios metros de distancia, esíxenme que ensine o que levo. E grazas ao muro que nos separa de Xerusalén, teño acubillo á sombra, polo que sigo as instrucións sen enfado.

Insuficiente con abrir a bolsa, xa son dúas bocas as que me observan. Mentres unha me apunta como debo sacar cada artigo, outra me ausculta para inmovilizarme en caso de que decida revelarme e facer estoupar a miña ira. Esa que máis xesticula convénceme para que lle explique que o contido da botella de viño é viño e de que as minas do lapis só serven para escribir. Acabada a exhibición de calzóns, papeis e demais, procedo ao lanzamento do pasaporte. Xa daquela podo achegarme e continuar na xincana.

A seguinte proba, a escasos metros, é abrir a mochila. Convencido de que ese exame xa estaba superado, négome. Entón, unha voz, que a min xa me soa en off, dime que se non amoso o que levo dentro, de aí non paso. Entón, non paso. Dou volta, pero estráñanse de que desfaga o camiño despois do tempo que tardei en desfacer a equipaxe. Explícolles o que pasa, e dese xeito, novamente sospeitoso, obríganme a pasar polo detector de metais ou adherentes corporais.

A bicicleta queda illada, nun recuncho, esperando por min a que a rescate. Ela tampouco ten medo, sabe que ten número

de identidade e non a poden tocar. Por iso queda, vaidosa, apoiada contra un letreiro de benvinda, consciente de que non a moverán, que ela si ten documentos, si ten data e lugar de nacemento e por iso, a súa perda podería botarse en falta e seren culpados dela os últimos que a viron. Eu tampouco teño medo, tamén teño número de identificación con fotografía, así que resígnome a pasar entre barrotes e portas corredizas que renxen ao se mover.

Fóra do muro volvo ver a luz e descubrir que aínda quedan soles para o verán. Seica era a sombra do muro, tan agradecida de cando en vez, a que me impedía ver o sol “e o mar, e os amigos, e os inimigos...”. Con todo, cégame a claridade inmensa do sol, impedíndome ver onde quedara a bicicleta. Por fin, despois de convencer a outro soldado de que me deixe volver onda ela, partimos facendo camiño. Pero era certo o que a intuición sobre o cambio do tempo me dicía. É tarde, xa hai tempo que as sirenas que avisan da chegada do descanso semanal soaron. Xa non hai autobuses que me podan desprazar máis alá de ata onde as pernas e as rodas da bicicleta me leven. Daquela, unha última vista ao muro, dende a outra beira, outra fotografía dende esta parte da muralla, que só é gris, e volta cara dentro, onde o muro descolorou en pinturas e poemas que deixan ver mares, soles, amigos e inimigos.



As caravanas en Wadi Nar chegan a ser quilométricas e as horas eternas. Unha palabra inapropiada ou un xesto feo pode provocar unha maior retención e que o intento de pasar dunha aldea palestina a outra aldea palestina, por territorio palestino, sexa longo e cansino. (Foto: ©Moncho Iglesias Míguez).

II

Fíxose necesario. Levar a bicicleta na man, por costas interminables, non facendo máis exercicio que brincar sobre ela para tomar as pendentes cara abaixo, rematou. É relaxante pasear por terreos planos, pero case non hai en Belén e o traslado a Xerusalén, en bicicleta, pódese facer eterno. Non polo tempo e as enerxías derramadas, senón tamén polo número de paradas obrigatorias. Por iso, e porque xa cheguei á maioría de idade na conta do banco, decidín cambiar de medio de locomoción. Intuía que sería máis doado pasar de cidade a cidade, ou cando menos máis rápido, pero non sempre é tal.

Era domingo, día de descanso. Aínda intentando recuperarme do período de vacacións, acordei saír, cuns amigos, e aproveitar o día para practicar no manexo do coche e máis coñecer certos lugares. Ter coche non só é unha oportunidade que eu teño de moverme con maior dilixencia, senón tamén unha forma de permitir que algúns amigos viaxen e non peregrinen para chegar a algún destino achegado. Así que, con motivos dabondo como para escapar, decidimos visitar o Mar Morto (o lugar máis baixo da terra, na fronteira entre Cixordania, Israel e Xordania).

Grazas a Deus, os amigos cos que ía existen e dende os dezaseis anos teñen dereito a tal recoñecemento cun carné de identidade. Dita identificación outórgalles permiso para achegarse aos puntos de control establecidos ao redor da zona, para logo seren mandados de volta sen ser detidos. Para evitar eses acercamentos a puntos fronteirizos que só nós podemos fotografar, para laiarnos un chisco cando amosamos a reportaxe, decidimos probar as miñas novas dotes de condutor e atravesar Wadi Nar (Val de Lume). A estrada, un río desértico que serpea entre areais, obriga a reducir a marcha, pero paga a pena, tanto polo feito de poder viaxar con amigos como polo goce das vistas.

Os continuos zigzags rematan preto de Abu Dis, a un lado de Xerusalén, e é entón cando comeza unha nova baixada cara ao Mar Salgado. Outro control militar prohíbenos a entrada ao Mar de Lot, que seica eu si, pero só eu. Non queda máis remedio que calar e dar a volta, buscar unha piscina aberta para homes ou desfacer o camiño feito, rubindo o desértico río. Pero non pode rematar tan cedo a aventura, polo que decidimos visitar Xericó e despois dar un paseo por Ramallah. Xa á noitiña resolvemos regresar, repetir o traxecto á inversa e forzar o coche por esas costas quilométricas que non parecen ter fin. Pasamos as mesmas poboacións e chegamos ao mesmo control militar de Wadi Nar. Non cambian as vistas, aínda que a noite e as luces varían e xa non se pode contemplar a mesquita de Al-Aqsa dende a distancia, entre muros grises e torres da mesma cor.

A luz: é aí o primeiro problema que non intuín. Cambiara as luces a semana anterior, xa que as longas eran curtas e as curtas non eran, polo que xa podía cegar con aquelas máis potentes. Con todo, aínda nunca o fixen; apago e acendo cando é necesario e compórtome como un bo condutor que prende as curtas cando se achega a poboación, cando lle pasa un coche ou cando algunha persoa se achega. Así, coas luces máis baixas que permiten moverme na estrada, achegueime a o soldado que controlaba ese pasadizo entre Palestina e Palestina, para chegar a Belén. Un berro intelixible impedíame entender o que dicía ese ferruxento fío dental con acne a un home pegado. Léndolle os beizos, cando souben

que a sombra gris da cara non era máis que unha prolongación dos seus dezaseis anos, entendín o que balbucía, aínda que sen comprendelo.

Creo que a xesticulación axudou no entendemento. Un dedo erguido e unha oración, e dous despois, con outra oración, indicáronme que había haber dúas cousas que fixera mal. Estaba no certo: "En primeiro lugar, cando te achegues a min, apagas todas as luces. En segundo lugar, de aquí non pasas". Trala segunda sentenza esquecín a primeira, e só pensei en como poder sacar o coche dun atasco, marcha atrás, e sen espazo. A única solución, non sei se por galego, por ignorante ou por rebeldía, foi actuar cunha pregunta: "por que?". A única resposta, non sei se por soldado ou [...], foi "caja", que vén sendo algo así como unha contestación comodín que tes que aceptar. Pero, non sei se por galego..., repetín: "por que?". "Porque o digo eu". "Ben, e quen es ti?". "Eu". "Vale, e o teu xefe?". "Eu". "Un superior?". "Eu decido". "Hai unhas horas pasei por aquí e non tiven problemas, por que agora si?". "Porque non estaba eu, se non tampouco pasabas. Os teus amigos poden tomar un taxi e seguir, ti tes que volver por onde viñeches".

Non chegou ningún xefe por alí e non houbo máis remedio que dar marcha atrás e saír do atasco silencioso que se creara detrás. Pero non era esta a primeira vez que esixía falar cun alto cargo, na última ocasión conseguíao. Daquela, por negarme a pasar a bicicleta por unha cancela por onde apenas cabía eu, fun castigado a unha longa espera. Con todo, como nesta quenda, pagou a pena, porque sempre se aprende algo. Dixéronme que era igual que no meu país, sen diferenzas. Ao que xa non puideren responder con afirmacións nin negacións nin interrogacións. Sempre acho as comparacións odiosas, pero á parte da muralla de Lugo, ou os estadios de Riazor e Balaídos, e pouco máis, aínda non din atopado camiños con adosados dese estilo.

En conclusión, deixei aos meus amigos, e retrocedín. Tiña que ir ata Ramallah, para entrar por Xerusalén, pero eles non podían facer iso. Así que, sen saber como moverme pola zona, recei uns cantos xuramentos, ou xurei uns poucos rezos, e conducín sen mapa, só, carne débil e voluble, susceptible de secuestros, por Cisjordania. A primeira parada chegou aos poucos metros. E é neste momento onde teño que agradecer a posibilidade que me brindou dito evento de practicar árabe. Sen ningún outro idioma de comunicación, esforceime por lembrar o ritmo do esquerda, dereita, adiante, atrás, un, dous, tres, e entender que me dicían. Logreino durante uns metros, pero as curvas foron tantas e os desvíos tan menos poucos, que tiven que volver preguntar. Contestáronme en hebreo, quizais pensando que era un xudeu perdido nos territorios, pero entendín todo. Non sufrín ningún tipo de crise nin dilema persecutorio, e non cheguei a imaxinar que me perseguían, que aquel que tanto se arrimaba á xanela intentaba sacarme información para secuestrarme, nin nada parecido.

Quizais sexa certo que provoqueei a situación ata o máximo grao: só, nun coche, falando hebreo, buscando unha rápida saída cara a Xerusalén, pero tampouco esta vez fun secuestrado. Prometo seguir intentándoo e escribir algunha reportaxe con pousos de té chegado o momento, mentres tanto, continuarei preguntando cando me cuestionan e cuestionando cando me responden.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Oriente Médio ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Data de creación

Setembro 7, 2006

Metacampos

Autoría : 3908

Data publicación : 2006-09-07 00:00:00